


3. TEATRO

3.1. Orixe

O nacemento do teatro grego está unido a uns rituais relixiosos na honra de Dionisos, deus da vide, o viño, a embriaguez, a desinhibición, o desenfreno e a forza vital en xeral. Hai varias hipóteses sobre o motivo da relación entre as representacións teatrais e esta divindade; quizais ese vínculo estea demasiado oculto, porque non sabemos moito de como xurdiu o teatro en Grecia. Mesmo o noso coñecemento do xénero no seu momento de esplendor é limitado, porque conservamos moi poucos textos e non hai medio de coñecer a música e a danza que acompañaban as representacións.



Segundo Aristóteles, a traxedia e a comedia naceron duns cantos, interpretados por un coro e acompañados de danza, na honra de Dionisos. Deste xeito, a traxedia procedería dos ditirambos, uns himnos baseados en lendas do deus; a comedia, pola súa parte, viría dunhas cancións de temática fálica, igualmente en louvanza da divindade. Segundo a tradición, o primeiro paso foi dado por un tal Téspis: en certa ocasión, mentres formaba parte dun coro, decidiu dar un paso adiante e comezar un diálogo cos seus compañeiros de representación, convertíndose no primeiro actor. De calquera maneira, está claro que co tempo, e sen que coñezamos moi ben os pasos da evolución, os poetas foron transformando estas expresións no que coñecemos como teatro, introducindo personaxes e acción nesas primitivos himnos.

3.2. Festivais: as Grandes Dionisiácas de Atenas

No s. V a.C., o teatro ocupaba un lugar moi importante na vida ateniense, e organizábanse competicións. As máis importantes celebrábanse cada mes de marzo: as chamadas Grandes Dionisiácas, que tiñan como acto principal un certame de teatro. Varios meses antes, os autores aspirantes a que se representasen as súas obras debían entregar os seus textos ó arconte epónimo², que debía designar ós tres artistas que ían competir. Unha vez elixidos, este maxistrado nomeaba a tres coregas, que eran os encargados de organizar -e pagar do seu propio peto- as representacións. A cada un dos tres autores escollidos asignábaselle un corega: este formaba o coro (de 12 integrantes para a traxedia, que logo chegaron a 15, e de 24 para a comedia), buscaba os actores e ordenaba os ensaios.

Cada un dos autores debía presentar a concurso tres traxedias e un drama satírico (unha obra cómica baseada en motivos mitolóxicos e interpretada por un coro de sátiros, criaturas metade cabra, metade humanas, e que destacan pola súa procacidade).

O primeiro día das festas realizábase o προαγών ou presentación pública das obras a concurso. O segundo día saía unha procesión do templo de Dionisos que levaba a estatua do deus ata o teatro, onde se celebraba un concurso de ditirambos. Do terceiro ó quinto día representábanse os conxuntos de tres traxedias (ó principio de tema común) e un drama satírico de cada autor. O sexto día dedicábase á

² Un dos 9 ministros dos principios de Atenas, o que daba nome á zona en que se realizaban as representacións.

representación de cinco comedias. Finalmente, o sétimo día reuníase unha assemblea para votar os gañadores en tres categorías: autor, corega e, desde o ano 449 a.C., actor.

3.3. O espazo teatral

A palabra θέατρον procede dunha raíz verbal que quere dicir “mirar”, “contemplar”. Por tanto, designa unha actividade desde o punto de vista do espectador, así como o espazo en que se desenvolve.

As representacións tiñan lugar ó aire libre e durante o día. Ó principio celebrábanse na ágora, nunha explanada na que se colocaban asentos de madeira. Pouco despois trasladáronse á pendente sureste da Acrópole, para favorecer a visibilidade e poder acomodar a máis público; tamén alí os asentos e, en xeral, todas as estruturas, foron de madeira durante moito tempo.


Ademais da bancada para os espectadores, un teatro debía incluír os seguintes espazos:

- **orquestra (ὄρχήστρα)**: era o lugar onde actuaba o coro, incluíndo cantos e danzas.
- **párodoi (πάροδοι)**: rampas laterais de acceso por onde entraban e saían os actores e o coro. A da dereita representaba a cidade onde se desenvolvía a obra, mentres a da esquerda conducía, figuradamente, ó exterior.
- **proscenio (λογεῖον)**: plataforma de madeira lixeiramente elevada respecto á *orquestra*, onde se moven os actores.
- **escena (σκηνὴ)**: construción xeralmente oculta por un panel pintado e situada tras o proscenio, onde os actores se mudaban. Tamén podía ter un balcón na súa parte máis alta, desde onde xeralmente falaban os deuses cando interviñan nunha obra. Ó principio era de madeira, pero máis adiante construíronse escenas en pedra moi elaboradas.

O teatro era un espectáculo aberto a toda a poboación, incluídas as mulleres. Era barato e, en xeral, cada un podía situarse no lugar da bancada que preferise. Ó contrario que hoxe en día, o público non gardaba silencio durante as representacións, que a cotío resultaban moi ruidosas.

3.4. Actores e posta en escena

O teatro comezou ofrecendo, a parte do coro, un só actor, pero evolucionou ata ter, como máximo, tres, sempre masculinos e xerarquizados: protagonista (primeiro actor), deuteragonista (segundo) e tritagonista (teceiro). Podían aparecer máis personaxes en escena, pero só podían falar tres deles. Esta limitación obrigaba a cada actor a representar máis dun personaxe, o que se lograba coa axuda das máscaras, que adoitaban ser de liño



(en época helenística e romana eran xa de barro cocido), cubrían toda a cabeza e incluían pelo. Así, a calidade dun actor dependía da súa linguaxe corporal e do seu dominio da voz, e non da súa expresión facial.



Toda a acción tiña lugar na *orquestra* e o proskenio, máis as entradas e saídas polos *párodoi*. De mencionarse algún feito que non se vía en escena, anunciábase pola chegada dun mensaxeiro. Isto acontecía xeralmente cos feitos violentos, que non se amosaban directamente, senón só as súas consecuencias.

Había pouco *atrezzo*, aínda que se poden mencionar dous artefactos bastante usados: o ἐκκύκλημα (unha plataforma rodante que aparecía ó apartar os paneis que estaban diante da σκηνή, e que normalmente amosaba ós actores compoñendo algún tipo de cadro estático) e a μηχανή (unha especie de ascensor primitivo que facía aparecer ou desaparecer ós personaxes por elevación, especialmente nos casos de aparición de deuses).



No tocante ó vestuario, era moi rechamante, para facilitar a identificación dos personaxes: nas traxedias consistía en túnicas de mangas longas moi coloristas e con abondosos bordados. O calzado era sinxelo, e só en época helenística aparecería o coturno, que elevaba a estatura dos actores debido ó seu piso groso. Para as comedias preferíase unha especie de casacas con vultos para esaxerar determinadas partes do corpo: barrigas, nalgas e un falo atado á cintura para os personaxes masculinos; para os femininos, peitos e unha imitación do velo púbico.

3.5. Estrutura das obras

As obras teatrais gregas ofrecen unha alternancia entre partes faladas e partes cantadas. As intervencións do coro son sempre cantadas, mentres os actores poden falar, recitar ou cantar. Ademais, todo o texto está en verso: para as partes faladas empréganse o trímetro iámbico (tres grupos de sílaba breve máis sílaba larga)³ ou o tetrametro trocaico (catro grupos de sílaba larga máis sílaba breve)⁴; para as cantadas manéxanse varios tipos de metros. Así, debemos imaxinar un espectáculo máis parecido á ópera que ó teatro actuais.

Unha traxedia clásica ten, polo xeral, estas seccións:

- **prólogo**: a través do monólogo dun actor (ou dun diálogo entre dous) expónse o tema da obra.
- **párodos (πάροδος)**: canto de entrada do coro
- **episodios alternados con estásima (στάσιμα)**: vaise sucedendo unha alternancia de partes dialogadas (episodios) con partes cantadas (*estásima*), en número variable. Pode compararse cos actos das obras teatrais de hoxe, seguidas neste caso dun número musical. As pasaxes faladas nas que aparecen réplicas rápidas denomínanse *esticomitias*. As seccións cantadas polos actores

³ Posible exemplo en galego, interpretando as sílabas breves como átonas e as longas como tónicas: “Aquí Ramón cantou”.

⁴ Posible exemplo en galego: “Dime logo canto queres”.

adoitan expresar emocións e paixóns, mentres que as cancións do coro consisten máis ben en reflexións de carácter xeral.

- *éxodos* (ἐξοδος): canto de saída do coro.

Unha comedia, en cambio, divídese nas seguintes partes, en principio:

- **prólogo**: igual que na traxedia.

- *párodos* (πάροδος): igual que na traxedia.

- *proagón* (προαγών): sucesión de escenas.

- *agón* (ἄγών): discusión entre dous personaxes ou entre un personaxe e o coro.

- *parábase* (παράβασις): intermedio a cargo do coro, no que este se dirixe ó público falando ou cantando sobre temas xerais que non teñen que ver coa trama.

- **sucesión de escenas**

- *kómmos* (κόμμος): canto de saída do coro.

3.6. A traxedia

A palabra grega τραγωδία quere dicir, literalmente, “canción de castróns”, pero é difícil establecer por que se chamou así ó tipo de representación que hoxe chamamos “traxedia”. Con poucas excepcións, toma os seus temas dos grandes mitos relixiosos, poñendo en escena a reis, heroes e deuses enfrontados a situacións difíciles. Cada ciclo mítico tiña múltiples episodios que se podían desenvolver independentemente. Os preferidos foron os seguintes:

- Ciclo dos **Atridas**: céntrase na familia de Atreo, rei da Argólide, e Tiestes, dous irmáns enfrontados e afectados por unha maldición que se transmitirá a Agamenón, fillo de Atreo, e a Orestes, fillo de Agamenón.

- Ciclo dos **Labdácidas**: aborda a historia de Edipo, fillo de Laio e Iocasta, reis de Tebas, que, sen sabelo, mata ó seu pai e casa coa súa nai. A súa maldición estenderase ós seus fillos Eteocles, Polinices, Antígona e Electra.

- Ciclo **Troiano**: recolle episodios da Guerra de Troia, tendo como personaxes principais, entre os troianos a Príamo e Hécuba (reis), e a Héctor, Paris, Andrómaca e Casandra (príncipes); entre os gregos, fíxase en Aquiles, Áiax e Filoctetes (heroes).


- Ciclo de **Xasón e Medea**: Xasón é un heroe que debe traer o vélaro de ouro da costa oriental do Ponto Euxino (Mar Negro), onde é axudado pola feiticeira Medea, filla do rei Eetes, a cambio do seu amor, que máis tarde se verá decepcionado, o que a impulsará a vingarse.

- Ciclo de **Heracles**: conta as aventuras deste heroe, con especial atención á súa morte, causada sen querer pola súa esposa Deianira.

Debe terse en conta que o público coñecía moi ben estes relatos, polo que o atractivo das representacións non era o argumento en si, senón ver como o enfocaba o autor.

Case todo canto coñecemos do xénero débese ás obras conservadas dos tres autores que xa o Mundo Antigo considerou de maior calidade: Esquilo, Sófocles e Eurípides. Neste curso centrarémonos unicamente en Sófocles, o autor do que debemos ler a súa obra *Edipo rei*.

3.6.1. Sófocles (ca. 497-405 a.C.)



Este autor foi considerado por Aristóteles o mellor dos trágicos polo seu dominio da linguaxe, os personaxes e as situacións. O certo é que se nos describe como un cidadán modelo, que participou en moitas ocasións no goberno de Atenas. No certame das Grandes Dionisiacas gañou o primeiro premio dúas de cada tres veces que se presentou. Este prestixio fixo que se lle atribuísen, con maior ou menor razón, varias innovacións: a introdución do terceiro actor, o aumento dos membros do coro de 12 a 15, e o abandono do costume de presentar a concurso tres traxedias encadeadas.

Conservamos só sete das aproximadamente 123 traxedias que escribiu, e non é posible datar con seguridade case ningunha. Catro delas están baseadas no ciclo dos Labdácidas (*Antígona*, *Edipo rei*, *Edipo en Colono*, *Electra*), dúas na Guerra de Troia (*Áiax*, *Filoctetes*), e unha na lenda de Heracles (*As Traquinias*).

O estilo de Sófocles caracterízase por ser máis flexible que o de Esquilo, ó dar máis espazo ó diálogo entre personaxes que ós recitados largos. En canto ó enfoque do elemento trágico, os heroes de Sófocles enfróntanse ás súas maldicións cunha gran forza de vontade e, sobre todo, sós: non os apoian nin os humanos nin os deuses (que apenas aparecen, a non ser mediante oráculos). Por iso dá a sensación de que os seus heroes non merecen as calamidades que lles suceden, pero son admirables por enfrontarse a elas con valentía.



3.7. A comedia

A palabra procede de κομμοδία, derivada de κόμμος. Este era un desfile carnavalesco na honra de Dionisos no que se cantaba e bailaba, e no que os participantes ían disfrazados e maquillados. Igual que nos sucede coa traxedia, non está nada claro como se pasou dun ritual relixioso á representación teatral.


En canto a temática e tratamento, a comedia era o reverso da traxedia: na Época Clásica, o seus asuntos e personaxes, en lugar de xurdir dos mitos, estaban tomados da vida cotiá, sobre todo da política contemporánea, polo que se convertía nun comentario satírico da actualidade. Ó mesmo tempo, ridiculizábase tamén ós deuses, por contraste co respecto que se lles rendía na traxedia.

Coñecemos moi poucas obras deste xénero, aínda que o suficiente para establecer tres períodos:

- **Comedia Antiga (s. V a.C.):** A ela pertence o cómico do que máis textos conservamos, Aristófanes, aínda que sabemos de predecesores e contemporáneos seus, dos que temos só algúns fragmentos.
- **Comedia Media (s. IV a.C.):** Unicamente se pode dicir dela o que nos contan certos comentaristas antigos, no senso de que houbo bastantes autores e moitas obras, aínda que apenas temos hoxe uns cantos nomes e fragmentos. Deles podese deducir que o coro foi perdendo protagonismo e que a sátira política foi desaparecendo para centrarse na crítica social.
- **Comedia Nova (Época Helenística):** O seu maior representante é Menandro, do que conservamos abundantes fragmentos e unha obra completa (*Díscolo*). De todo isto podemos identificar unha liña argumental básica común: a unión de

dous namorados dificultada por unha serie de obstáculos, entre os que destacan a oposición dos parentes e a diferenza de clase social. O final feliz é facilitado pola intervención dun escravo intelixente. A estrutura das comedias é diferente ás clásicas: o coro non ten case importancia, a *parábasis* desaparece, e as escenas vanse sucedendo dun xeito máis organizado, máis parecido ó teatro actual. Estes trazos serán herdados pola comedia romana de Plauto e Terencio.

3.7.1. Aristófanes (ca. 445-388 a.C.)



Das 44 comedias que escribiu, chegaronnos 11: *Os Acarnenses* (425), *Os Cabaleiros* (424), *As Nubes* (423), *As Avespas* (422), *A Paz* (421), *As Aves* (414), *Lisístrata* (411), *As Tesmoforiazusas* (411), *As Ras* (405), *As Asamblearias* (392) e *Pluto* (388). Na maioría dos casos os títulos designan o coro da obra, un elemento de gran protagonismo, como xa dixemos.

Case todas foron escritas durante a Guerra do Peloponeso, que enfrontou a Atenas e Esparta entre 431 e 404. Pódense dividir en tres grupos:

- as cinco primeiras teñen como tema a busca da paz, coa excepción de *As Nubes*, que constitúe unha crítica a Sócrates e os sofistas, metidos no mesmo saco: segundo Aristófanes, cobran por ensinar a argumentar nun sentido ou outro, sen importar se o que defenden é cabal ou non.

- as tres seguintes amosan un teatro de evasión, que non pretende xa abordar os grandes problemas de Atenas.

- as dúas comedias finais foron escritas e representadas despois da restauración da democracia (no 403), e son unha sátira feroz dese sistema de goberno.

No teatro de Aristófanes a alusión a acontecementos contemporáneos é constante, e é conveniente coñecelos para comprender cada obra. Como liña xeral, Aristófanes é contrario á guerra, que, ó seu entender, só traerá a ruína á poboación ateniense. Por iso moitas das súas comedias se rin dos gobernantes e políticos partidarios do conflito.

O esquema argumental case sempre é o seguinte: o protagonista (un individuo común), que se atopa nunha situación difícil, busca a maneira de saír de apuros; lógrao mediante unha idea fantástica que terá éxito, pero antes ten que superar varios obstáculos. En contraste co heroe trágico, que se guía pola honra, o protagonista da comedia é individualista e busca só o seu benestar, rexeitando ás autoridades e ós deuses. Os seus oponentes son moitas veces políticos e intelectuais contemporáneos citados polo seu propio nome: Nicias, Alcibíades, Sócrates ou Eurípides, p. ex.

A súa linguaxe procuraba ser próxima á de todos os días, pero tamén era moi inventiva: onomatopeias, metáforas e xogos de palabras son os seus recursos preferidos.

